


sobre o anteproxecto de
**LEI DE ORDENACIÓN
VITIVINÍCOLA
DE GALICIA**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 9 D E A B R I L



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 24 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de dictame, polo trámite de urxencia, sobre o anteproxecto de Lei de Ordenación Vitivinícola de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 25 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o 29 de marzo de 2004, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de dictame, con data 19 de abril, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 3/04, de 29 de abril, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o Anteproxecto de Lei de Ordenación Vitivinícola de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame consta de seis títulos, vinteún capítulos, setenta e sete artigos, unha Disposición adicional, dúas Disposicións transitorias, unha Disposición derogatoria e dúas Disposicións Finais.

No que respecta ó contido do Anteproxecto sometido a dictame, os seis títulos dos que consta, tratan sucesivamente de aspectos xerais, do potencial de produción vitícola, das actuacións complementarias da Administración no desenvolvemento da vitivinicultura, do viño e produtos derivados da uva e do viño, da trazabilidade e o control das producións e do réxime sancionador en materia vitivinícola.

No primeiro Título, abórdase o obxecto e ámbito de aplicación da lei.

No Título II, estruturado en dez capítulos, desenvólvense distintos aspectos do potencial de produción vitícola .

No Título III o anteproxecto de Lei sometido a dictame, pretende destacar as directrices básicas da política de desenvolvemento do sector que, dun xeito sostible, deberá procura-la mellora das estruturas , a diferenciación e tipicidade baseada nas variedades autóctonas e a potenciación do sector agroalimentario asociado.

O Título IV, refírese ó viño e ós produtos derivados da uva e do viño, establecéndose no seu primeiro capítulo as condicións xerais de elaboración co obxecto de garantir a obtención de produtos de calidade. O seguinte capítulo deste título enumera os distintos tipos de viño con designación xeográfica e regula a protección dos seus nomes, recolléndose nos dous capítulos seguintes as características de cada un deles. O último capítulo deste título regula o procedemento para a solicitude e recoñecemento dun viño de calidade producido nunha rexión determinada ou outra designación xeográfica aplicada a viños ou outros produtos derivados da uva e do viño.

No Título V deste anteproxecto, ponse de manifesto a importancia que, para o control da produción vitivinícola e da súa calidade, ten un axeitado sistema de garantía de trazabilidade, no que os mecanismos fundamentais serán as distintas declaracións, rexistros, documentos de acompañamento e a propia designación e

presentación. Completando co anterior, neste mesmo título regúlase tamén as funcións da Administración no que respecta á inspección e control.

No Título VI regúlase o réxime sancionador.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Dada a importancia do sector do viño na Comunidade Autónoma de Galicia, con cinco denominacións de orixe recoñecidas, o CES considera necesario aproveitar a oportunidade de regular neste anteproxecto de Lei sometido a dictame as especificidades do sector do viño, concretando a normativa xeral contida no proxecto de Lei de Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria de Galicia, que o Consello dictaminou o 23 de decembro de 2003.

A concreción das especificidades do sector do viño, respecto á normativa xeral antedita, ten especial relevancia no que atinxe ó réxime xurídico dos consellos reguladores e ó Instituto Galego de Calidade Alimentaria, de acordo cas propostas das organizacións agrarias representadas neste Consello.

Neste senso, as comunidades autónomas de Cataluña e Castela-A Mancha consideraron oportuno regular especificamente os seus institutos do viño e outras, como Castela-León, teñen previsto facelo.

2.- O CES entende que debe resaltarse a importancia social das explotacións familiares que viven principal ou parcialmente da produción e elaboración de uvas ou viño, maioritariamente pequenas explotacións, situadas en comarcas onde historicamente se vive do viño e onde non se entendería outro tipo de cultivo. Considerase tamén necesario protexer ditas explotacións familiares vitivinícolas, que na actualidade configuran as distintas zonas de produción de Galicia, para que podan manter unha renda axeitada, evitando o despoboamento rural.

Asimesmo, o CES entende que debería mencionarse no anteproxecto de lei o apoio á rexeneración, consolidación e desenvolvemento do tecido empresarial no sector.

3.- Considerando oportuno o anteproxecto de lei de ordenación vitivinícola de Galicia, o anteproxecto de lei sometido a dictame non recolle outros contidos que se consideran necesarios para acadar a dita ordenación vitivinícola.

Neste senso, o CES considera que os principais aspectos que tamén deberían regularse de forma sistemática na futura lei de ordenación vitivinícola de Galicia serían os de produción, elaboración, os tipos de viño, a promoción e comercialización, a interprofesional do viño e a mesa do viño.

*Respecto á **producción**:*

- Deberíase regular as axudas económicas tanto para mellora tecnolóxica como para a promoción, incentivando os acordos económicos colectivos co sector produtor para cada campaña, ou para varias campañas, para garantir a recollida e os prezos axeitados para as producións. Debería regularse tamén o acceso ás axudas, sen limitación de superficie, sempre que supoña conservación medioambiental e mellora da calidade.

- Considérase necesario un funcionamento áxil do “rexistro vitícola” en coordinación con outros instrumentos de rexistro territoriais (catastro, concentración parcelaria...). Neste senso, valórase positivamente a nova regulación do “rexistro vitícola” de xeito que se realice a inscrición efectiva de viñas de tódolos viticultores galegos, creando unha reserva pública de dereitos de produción para evitar a súa perda ou a súa especulación.

- Debería considerarse os plans de replantación e reestructuración máis alá de 2006, garantindo os recursos necesarios para que os plans se fagan conxuntamente coas concentracións parcelarias que se inicien en zonas de produción de viño.

- Debería fomentarse a mellora dos recursos humanos mediante a formación e a homologación, canalizados tanto mediante as organizacións profesionais agrarias, organizacións sindicais e empresariais, como mediante o asociacionismo e a incorporación de novos agricultores.

- Deberíase fomentar a instalación de adegas para a comercialización de viño con denominación de orixe naquelas zonas onde haxa déficit de comercialización.

*Respecto á **elaboración**:*

- Deberíase fomentar a mellora tecnolóxica dos pequenos elaboradores e cooperativas que comercialicen viños de calidade con denominación de orixe, condicionando as axudas do sector industrial á compra da uva mediante calquera tipo de figura contractual.

Respecto ós tipos de viño:

- O viño de calidade producido en rexión determinada (v.c.p.r.d.) debería considerarse só o viño producido baixo o amparo de unha das cinco denominacións de orixe de viño de Galicia..
- A denominación de “viños de mesa” aplicaríase ó viño producido en Galicia, fóra do amparo das denominacións de orixe existentes, ou ben ó viño producido en algunha denominación que se descualifica por non reunir os requisitos necesarios para ser vendido baixo o amparo da orixe. Non se podería facer mención no etiquetado do “viño de mesa” a ningún nome que induza a engano ó consumidor no senso de relacionalo coa produción dun viño en zona determinada nin se podería facer mención á variedade vinífera.

Respecto á promoción e comercialización:

- Deberían promoverse campañas de promoción xenérico-marquistas dos viños galegos, tendo prioridade aqueles procedentes de pequenos rexistros de elaboración de autor ou colleiteiro, os de adegas cooperativas e os de produción industrial nas que a uva proceda da compra nas distintas denominacións de orixe.

Respecto á interprofesional do viño:

- Debería contemplarse a creación da interprofesional do viño de Galicia como órgano de interlocución entre o sector produtor, elaborador e distribuidor dentro da comunidade autónoma e coas facultades que estes entes teñen asignadas pola Lei 39/1994, do 30 de decembro, de organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Respecto á Mesa do Viño:

- A Mesa do Viño constituiríase como órgano superior permanente de interlocución do sector coa Administración.
- A Mesa do Viño convocaríase ordinariamente, como mínimo unha vez cada ano, para analizar a campaña vitícola, dándose conta dos remanentes de viño e das previsións de colleita. Realizará as propostas necesarias para garantir a comercialización da totalidade da produción e da elaboración.
- Na Mesa do Viño impulsaríanse as accións necesarias para garantir os acordos económicos colectivos ou calquera outra figura contractual nas distintas zonas de produción: recollida, prezo e pago da totalidade da produción.

4.- O CES entende que no anteproxecto de lei debería regularse que os operadores que medien na comercialización, xa sexa como primeiros compradores de viño embotellado ou a granel para súa posterior venda ou como intermediarios, importadores ou exportadores, deberían cumprir todas as regulamentacións referidas á esixida trazabilidade do produto de cara a situar claramente todas as responsabilidades de todos os axentes do sector, así como a obrigatoriedade da inscrición das súas instalacións.

5.- O CES considera conveniente que o anteproxecto de lei de ordenación vitivinícola de Galicia acadase, con carácter previo a súa remisión a dictame, o consenso co sector a través da Mesa do Viño de Galicia, dada a especial transcendencia económica e social de este anteproxecto para o sector agrario galego.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 2** recolle distintas definicións ós efectos da regulación contida no anteproxecto de Lei.

O CES entende que, para maior seguridade xurídica, debería especificarse brevemente o contido do Regulamento 1493/1999, do Consejo, do 17 de maio, no relativo á plantación do viñedo.

2.- O **artigo 5** regula as replantacións.

O CES considera que sería convinte concretar as condicións do arrinque autorizado de vides para que poda xerarse un dereito de replantación.

3.- O **artigo 7** do Anteproxecto de Lei regula a caducidade dos dereitos de plantación.

O CES entende que se debería engadir, no que respecta ó prazo máximo de posta en cultivo dos dereitos de nova plantación, a posibilidade de conceder pro-

rrogas tras solicitude razoada cando concorran circunstancias adversas de forza maior.

Ademais, deberían especificarse as causas non imputables ó titular da plantación que dean lugar á excepción contida no parágrafo 2 deste artigo.

4.- O Capítulo II do Título II do Anteproxectode Lei expón a regulación das superficies de viñedo de especial condición administrativa, en especial das superficies de viñedo irregulares, das plantacións suxeitas a arrinque obrigatorio, das superficies abandonadas e do arrinque de viñedo.

O CES considera que se debería incluír dentro deste capítulo a figura dos viñedos históricos, que serían aqueles que, con aptitude vitícola obxectiva, teñan sido cultivados nos últimos 30 anos, nos que debería haber unha protección específica tanto para o seu mantemento como a súa posta en cultivo cando teñan sido abandonados. A denominada “Reserva Galega de Dereitos” debería establecer uns dereitos que permitan a súa recuperación integral dando preferencia á instalación de mozos/as en explotacións consideradas prioritarias. Deberían establecerse no **artigo 6** do anteproxecto de Lei mecanismos de veto de saída de transferencia de dereitos a outras zonas como prohibición de novos cultivos ou plantacións de carácter forestal incompatibles co mantemento do potencial vitícola.

Esta figura debería ser respaldada por un sistema de información xeográfica específico do viñedo, onde se incluírán todas as zonas vitícolas postas en cultivo, así como aquelas outras que se consideren aptas.

5.- O artigo 17 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula os dereitos que integran a Reserva autonómica de dereitos de plantación.

O CES entende que no apartado 2 do citado artigo debería recollerse explicitamente que a Reserva debe ser o principal mecanismo regulador da produción no que respecta a redistribuír a actividade vitícola en base a criterios económicos, sociais e ecolóxicos, que poderían alimentarse con dereitos cedidos ou vendidos libremente por particulares que os posúan fixando un prezo.

Este mecanismo preferencial estaría reforzado pola capacidade de veto que tería a Consellería para evitar a transferencia de dereitos entre diferentes zonas vitícolas.

6.- No **artigo 19** do Anteproxecto de Lei dictaminado faise unha clasificación das variedades de vide.

O CES considera necesario a inclusión neste artigo da regulación do prazo de execución para a declaración da primeira lista de variedades de vides recomendadas, autorizadas e de conservación, así como os criterios específicos para dar de alta novas variedades.

7.- O **artigo 20** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame expón as variedades e regulamentos dos viños de calidade producidos en rexións determinadas e viños da terra.

O CES considera que neste artigo debería incluírse a obriga de fomentar a obtención de material certificado para os viveiros establecidos en Galicia das diversas variedades recomendadas, así como o desenvolvemento de plans de selección clonal para todas as variedades recomendadas.

8.- O **artigo 21** do Anteproxecto de Lei de Ordenación Vitivinícola de Galicia regula os programas de reestruturación e reconversión do viñado.

O CES estima que a garantía financeira establecida no parágrafo 2 deste artigo, por un importe mínimo do 120% da axuda, é excesiva e debería remitirse ó contemplado na normativa sobre axudas públicas (en Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia).

As bases reguladoras e as convocatorias de axudas deberan adaptar ás necesidades de cada momento a intensidade das axudas e demais extremos, sempre conforma á normativa comunitaria, estatal e autonómica vixente.

9.- O **artigo 26** do Anteproxecto dictaminado regula o cultivo da vide.

O CES entende que, para evitar inseguridade no sector, os marchamos diferenciadores sinalados no apartado 2 do artigo 26 deberían ser os regulamentados actualmente no que respecta á viticultura.

10.- O artigo 28 do Anteproxecto de Lei de Ordenación Vitivinícola de Galicia regula o Rexistro Vitícola.

O CES considera que, polo que respecta ó Rexistro Vitícola e o rexistro dos dereitos de explotación, debería recollerse en ámbolos dous casos, de oficio, tódolos datos característicos e identificativos das explotacións. Os propietarios deberían colaborar obrigatoriamente na facilitación de datos. Os dous rexistros deberían estar informatizados e plenamente coordinados para unha maior eficacia.

11.- O artigo 31 do anteproxecto regula a promoción dos viños e a viticultura de Galicia.

O CES considera que debería incluírse un apartado que faga referencia á regulación das posibles accións de publicidade enganosa que se dan neste eido.

12.- O artigo 35 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula as condicións da uva.

O CES entende que a recepción da uva por parte dun elaborador debería estar apoiada documentalmente coa declaración de colleita e o documento de compra-venda nun prazo máximo de 3 meses desde a vendima. Esta documentación debería estar axeitada ás esixencias de trazabilidade.

13.- O artigo 36 do Anteproxecto de Lei dictaminado regula as prácticas e tratamentos enolóxicos.

O CES entende que debería incluírse dentro deste artigo tanto a relación das prácticas enolóxicas prohibidas como a obrigatoriedade de evitar a publicidade enganosa.

14.- O artigo 38 refírese ós tipos de viños.

O CES considera que debería incluírse dentro desta clasificación o denominado “viño de colleiteiro”, que pode encadrarse dentro das diferentes designacións xeográficas que neste artigo se propoñen.

15.- O artigo 39 establece a protección dos nomes xeográficos dos viños da terra e dos v.c.p.r.d.

O CES entende que podería plantexarse un conflito co dereito privado regulador da propiedade intelectual e industrial, xa que os nomes xeográficos dos viños da terra e dos v.c.p.r.d., segundo o Anteproxecto de Lei, serán bens de titularidade pública.

16.- O artigo 42 do Anteproxecto de Lei regula o control dos viños da terra.

O CES entende que calquera designación de “viño de terra” deberá comportar a creación dun Organismo de Control. Asimesmo, considera que deberían concretarse os requisitos que esixe a Administración para a concesión da autorización que deben posuír as entidades independentes de control dos viños da terra. Tamén deberían concretarse os pertinentes documentos acreditativos que sirvan para avalar as anotacións contables.

17.- O artigo 46 do Anteproxecto de Lei de Ordenación Vitivinícola de Galicia regula os viños con denominación de orixe cualificada.

O CES considera que os viños con denominación de orixe cualificada deberían incluír a obriga de ter máis do 30% das transaccións de compra de uva incluídas en contratos-tipo homologados ou calquera outra figura contractual de semellante natureza.

18.- O artigo 47 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula os viños de lugares.

O CES entende que as instalacións de elaboración destes viños deberían estar incluídas totalmente nas zonas delimitadas como lugar. A totalidade da compra de uva a terceiros debería ser a través de contrato-tipo homologado ou de natureza similar.

19.- O artigo 49 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula os órganos de xestións dos v.c.p.r.d.

O CES considera que o procedemento de solicitude, tramitación e recoñecemento dun viño da terra e dun v.c.p.r.d., dunha denominación xeográfica de bebida espirituosa ou doutros produtos vitivinícolas debería garantir o cumprimento e verificación do requisitos normativamente previstos pero tramitándose conforme a regras de axilidade, eficiencia e sinxeleza administrativa.

20.- O artigo 53 do Anteproxecto de Lei refírese a distintos tipos de declaracións para a trazabilidade e control das producións.

O CES entende que a superficie en explotación familiares de autoconsumo para a exención das declaracións de colleita, produción e de orixe e destino, debería ser superior á establecida neste artigo (10 áreas de viña en produción). A dita exención debería vir dada só pola nota de autoconsumo.

Os trámites administrativos de rexistro, documentos de acompañamento, control de existencias e designación e presentación deberían ser efectivos para o exame da trazabilidade das producións sen que en ningún caso se entorpeza o proceso productivo nen se ocasione ós produtores un custo económico excesivo. En vía regulamentaria podería regularse estes procedementos de forma sinxela, efectiva e áxil.

21.- O artigo 72 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula o procedemento sancionador.

O CES considera que o prazo máximo de 18 meses para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ó procedemento sancionador é excesivo. En todo caso, o silencio administrativo debería ser negativo.

22.- O artigo 73 do Anteproxecto de Lei refírese ó procedemento sancionador abreviado.

O CES entende que o procedemento abreviado debería regularse no propio anteproxecto de lei obxecto de dictame xa que, de facerse por vía regulamentaria, poderían violarse as garantías que debe contemplar todo procedemento sancionador.

23.- O artigo 74 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula a adopción de medidas cautelares.

O CES entende que non é necesario establecer unha lista pechada e exhaustiva de supostos motivadores da adopción de medidas cautelares. No procedemento para adoptar eventuais medidas cautelares deberían respetarse os principios de audiencia e contradicción, sen que poda producirse indefensión.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2004

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun